



"Quería escribir unha novela de luz e bos momentos que conseguise arrincar algún sorriso"

[Ana G. Liste](#) 24 de decembro de 2021

<https://praza.gal/cultura/queria-escribir-unha-novela-de-luz-e-bos-momentos-que-conseguise-arrincar-algun-sorriso>

Ledicia Costas (Vigo, 1979) colle o martelo en ***Golpes de Luz*** para contar unha historia propia e allea na que resulta fácil recoñecerse. Con retrans, aborda aspectos difíciles das nosas vidas como os coidados, a conciliación persoal e familiar e as adicións. Tres historias que son, en parte, a mesma: as de Xulia, Luz e Sebas; unha nai, unha avoa e un fillo. "Levo toda a vida escoitando cousas que non quero escoitar. Merdas. Iso é, levo toda a vida escoitando merdas. E que queres que che diga, con case oitenta anos, estou ata as orellas". Así comeza Luz o seu relato.

Cunha escrita precisa, na que os personaxes nos falan ás lectoras e lectores directamente, constrúe Ledicia Costas esta novela que edita **Xerais**. A mesma editora coa que vén de [gañar o XXXVI Premio Merlín de literatura infantil](#) con ***O neno de lume*** e coa que ten publicado diferentes obras como ***Escarlatina, a cociñeira defunta***, coa que acadou o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil e tamén o Merlín; e na que publicou en galego a súa anterior novela, ***Infamia***.

Van 21 anos desde que se publicou *Unha estrela no vento* e xa vas camiño dos 30 libros editados, quen contaba daquela, verdade?

Era imposible. Empecei a escribir sendo adolescente. A primeira novela que me publicaron escribina sendo alumna de instituto, entón, estaba todo por facer. Non sabía nada do sistema literario galego. Non sabía absolutamente nada, só que me gustaba escribir. E tiveron a fortuna de que Xerais me publicou moi cedo pero, a partir de aí, tiveron que construír unha carreira literaria pouco a pouco. E aquí está sobre a mesa!

Botando a vista atrás, que é o que máis che sorprende de todo isto?

Chegar a converter aquilo que me gustaba facer na miña profesión, sorpréndeme. E tamén, desde o galego, estar traducida a linguas doutros sistemas literarios como o persa, o italiano, o portugués, o romanés ou o checo –ao que me están traducindo agora–. A medida que pasaban

os anos fun sorprendéndome de chegar a outros sistemas literarios sen renunciar nunca ao galego.

Cantas veces temos escoitado iso de “non o fago en galego porque quero chegar a máis xente”...

Pois temos máis obstáculos, e tardas máis en chegar, iso é verdade. Eu non conseguín que me publicasen en castelán ata o ano 2015, e tiña novela desde o ano 2000. Pero é posible. Ademais, penso que se produce un efecto chamada cando empeza a destacar unha persoa nun sistema literario que é practicamente descoñecido fóra, como o galego, e que o foco logo vira sobre ese sistema. E teño a sensación de que agora o foco está sobre Galicia, están saíndo traducións doutras autoras e autores, e estou convencida de que iso vai ir a máis. Está indo a máis, de feito.

Aí temos os premios nacionais dos últimos anos, como mostra.

Si, co difícil que é conseguir un premio nacional! Desde Suso de Toro a Xesús Fraga pasaron moitísimos anos. E, nese tempo, vas acumulando a sensación de que vivimos nunha burbulla – que é así–, cun sistema literario pechado –que é así– e con escasas posibilidades de saír ao exterior –que tamén é así–. Pero cando unha persoa logra saír, prodúcese ese efecto que provoca que a atención se centre aquí. E iso é xenial, eu sempre digo: o que é bo para unha, probablemente sexa bo para todas.

E, no medio disto que comentas, está tamén a carreira de obstáculos que aínda supón ser unha muller nova á que lle vai ben na súa profesión.

Tes que aprender a convivir con todo tipo de situacións e comentarios que son moi tóxicos, pero aprendes a illarte. Chega un momento no que tes que facer o que che dá a gana. É imposible compracer a todo o mundo, se destacas sempre vai haber voces críticas que cuestionen o teu traballo. Especialmente se es muller, especialmente se escribes en galego e máis se fas literatura infantil e xuvenil. Sempre van estar facéndote de menos, pero aí está a nosa capacidade de traballo. E co traballo é como demostras as túas capacidades, é unha suma de traballo e talento. Logo, cando accedes á literatura chamada ‘para persoas adultas’ te tratan como se te estiveses metendo nun eido que non te corresponde. Pero a resposta só pode ser sacar novas novelas e ir conquistando novos públicos, sorprendéndote a ti mesma con novas temáticas e obras que nunca pensabas que ías escribir... Ese é o camiño, o resto é secundario.

E *Golpes de Luz* foi unha sorpresa para ti? Tes comentado que segues o teu instinto para priorizar o que queres escribir en cada momento.

Son moi visceral escribindo e con *Golpes de Luz* fun a primeira sorprendida. Non esperaba atreverme a escribir unha novela na que unha das protagonistas fose unha muller de oitenta anos e conseguir que fose carismática. Estou moi satisfeita e moi orgullosa, creo que é moi difícil construír un personaxe como Luz, desa idade e cunha demencia, e que sexa icónica. Tamén por escribir unha novela para adultos onde hai unha voz infantil e unha voz dunha muller de avanzada idade e que teñan tanto peso.

A novela colle moita forza nos diálogos entre os personaxes, somos quen case de escoitalos falarnos. Como se consegue iso na escrita?

É difícil explicar ese proceso. Eu sento diante do ordenador e paso moitísimas horas pensando, sen avanzar, simplemente dedicada a iso: a pensar. E logo hai un traballo moi forte de pulir o texto, de ler en voz alta e eliminar cousas que son inverosímiles, por exemplo nos diálogos. A

primeira escrita, máis en bruto, é unha cousa; despois vén ese traballo de revisión e de renunciás: porque ao mellor hai frases que che parecen moi bonitas, ou que son case máxicas, ás que tes que renunciar porque non resultan cribles na voz dese personaxe ou no rexistro no que te estás expresando. É unha cuestión de pulir, revisar e reescribir. Non hai outra maneira. Como cando unha escultora ten unha pedra de granito –ou de mármore– e ten que comezar a darlle forma a iso. Como se fai? Pois hai moito de emoción e de técnica. É unha combinación de todos eses elementos.

O que está moi presente nesta novela, e semella que é algo sen o que non podería existir, é a empatía.

Iso é certo. É algo que intento usar. Creo que ser empática é unha virtude e eu adoito poñerme no lugar das outras persoas, ás veces en exceso incluso, e tamén fago iso cos meus personaxes. Creo que por iso acabo tan esgotada psicoloxicamente cando remato de escribir unha novela.

Falabas antes do personaxe de Sebas, cres que é unha conquista que un personaxe infantil – que podería ser perfectamente o protagonista dunha novela de seu– teña tan boa acollida nun texto ‘para adultos’?

É que por suposto que é unha conquista. Parece que cando escribes literatura infantil e xuvenil estanche facendo todo o tempo de menos. Non o teu público, que goza coas túas novelas e se emociona, pero si certas elites... Eu dixen, vou traer un neno a esta obra de literatura para persoas adultas e van convivir perfectamente as súas partes –como relato case de aventuras– coas outras realidades sociais que están aí latexando con forza e que son esgazadoras por momentos. E pensaba que me ía servir como contrapunto, que esa dozura e tenrura de Sebas ía ser o contrapunto fronte a traxedia que se está a contar na novela.

Hai traxedia, si, pero non transloce na escrita: o regusto que deixa o libro é bo.

Eu quería iso, quería escribir unha novela de luz e bos momentos que conseguise arrincar algún sorriso. Hai partes que son humor do drama do día a día, por que non se pode facer humor coa demencia dunha muller? Pois é posible. Quería contar a historia sen que todo fose un sufrimento. Supoño que necesitaba saír de toda a sombra que había en *Infamia*, de toda aquela néboa, e poñer luz. Tamén creo que estamos nun momento social –eu polo menos– no que necesitamos novelas agradables de ler, que nos fagan gozar.

En *Infamia* a historia é cruenta e tamén a forma na que está contada, pola contra, en *Golpes de Luz* hai unha lixeireza no relato que se mantén a pesar de estar a falar de situacións moi difíciles tamén. Son novelas opostas?

Pois nese sentido, si. Foi un traballo moi arduo conseguir esa lixeireza, implicou un traballo enorme de quitar ferro. Non quería densidade nin barroquismo. Quería escribir unha novela que cando alguén a lese pensase ‘que fácil isto’ [ri]. Dáme a risa porque pasei moitas noites de insomnio ata conseguilo.

Tes compartido anécdotas da túa avoa nas redes sociais, que che parece que as persoas que xa leron a novela estean a establecer paralelismos entre ela e o personaxe de Luz?

Sempre escribo cun pé na realidade, e adoito tomar a realidade para construír personaxes, sensacións, xeitos de expresarse... e iso está aquí, en Luz. A miña avoa é unha fonte de material literario, moitas situacións que vivimos con ela están na novela. Obviamente Luz é un personaxe de ficción, pero está inspirado nas avoas galegas que están vivindo eses episodios nos que

perden a capacidade cognitiva, a memoria, embrutécense, están completamente desinhibidas, pódennos dicir calquera burrada sen pestanexar... Iso faíno a miña avoa e, seguramente, moitas outras avoas. Houbo un labor de observación das mulleres da miña contorna para conseguir construír o personaxe de Luz.

Os coidados, e todo o que implican, están moi presentes na historia. Como foi achegarse a algo que agora temos máis presente coa pandemia pero que, á vez, non acollemos como tema central no debate social?

É durísimo, hai persoas que dedican a súa vida aos coidados e o sistema que temos na actualidade non é quen de dar solucións nin de soste-lo volume de xente que necesita axuda. Isto supón un sacrificio, non só, pero sobre todo para as mulleres. Hai homes que coidan dos maiores, pero sobre todo seguimos sendo as mulleres as que seguimos dedicando as nosas vidas ao coidado doutras persoas, por que? Porque o sistema non nos ofrece solucións. Aparte, creo que isto segue sendo un tabú e é curioso que non se fale dunha problemática que afecta a tantísimas persoas e a tantísimas mulleres.

Parece que se fose un tema que afectase a homes e mulleres por igual, estaría xa na axenda como prioridade.

Estou convencida, e por iso quixen poñer o foco aquí. Creo que moitas persoas se van sentir identificadas e van empatizar cos personaxes deste libro porque seguro que todo o mundo coñece a alguén que estea nunha situación similar.

Estoume lembrando do sentimento de culpabilidade que acompaña ao personaxe de Xulia, que é quen exerce os coidados ao longo do libro.

Eses son os retos que nos impón a sociedade ás mulleres, que acabamos convivindo con ese sentimento de culpa e esa sensación de que nunca damos a talla. Non damos a talla nos nosos traballos, nas nosas vidas persoais nin na crianza dos nosos fillos e fillas. Nunca estamos á altura porque temos o listón altísimo, cousa que non sucede cos homes. Isto é, para min, moi importante e moi radical. Xulia é unha muller que ten problemáticas que temos moitas mulleres hoxe en día: o divorcio, a separación, o cargo dos coidados, 'a conciliación', a custodia, o réxime de visitas... Todo isto, que se lle fai un mundo. Pero como non se lle vai facer? Non ten tempo para si mesma. Está entregada ao traballo, á casa e aos coidados, non ten máis vida ca esa. E ela pensa que non chega, que non está á altura. Coñezo a moitas mulleres así, con ese sentimento de culpa permanente que parece que nos inoculan. Non sei cando conseguiremos superalo... Pero non é algo só das mulleres, cómpre un traballo colectivo porque isto afecta a moitas persoas.

Agora que atravesamos unha época na que se fala moito de feminismo e de como hai que exercelo, ti non necesitas falar expresamente del porque impregna toda a túa escrita e o enfoque da novela, non?

Si, non é necesario comentalo porque está patente en todo. Nese sentido, é unha novela que dá para debater. A min gústanme eses libros dos que podes extraer cuestións que despois compartir con outras persoas. Os coidados, a conciliación... Que está a suceder? Que estamos facendo mal como sociedade? Que están facendo mal as Administracións públicas? Está claro que o que hai non é suficiente.

Como está a ser o reencontro cos lectores despois dos peores meses da pandemia?

Foi durísimo durante a pandemia porque tiñas libros na rúa, pero non podías defendelos nin acompañalos. Non sabías o que estaba sucedendo con eles. Era unha sensación de desconexión moi profunda con eses libros que saíron durante a pandemia. Agora xa arrancam os e recuperamos ese contacto, pero aínda non é ao 100%. Nese sentido, as redes sociais estánme a dar moito porque recibo moitos comentarios a diario, tamén chamadas telefónicas de persoas que están a ler o libro. É moi gratificante ir recibindo opinións das lectoras e lectores a través das redes.

Non é posible rematar esta conversa sen falar dun tema que é transversal en *Golpes de Luz*: as drogas e o vivido en Vigo coa heroína. Tes a sensación de que volve ser un tema tabú na cidade?

Creo que segue sendo moi doloroso e hai moitas feridas que están abertas. Eu –que sendo unha nena e unha adolescente– presenciei un montón de cousas, quería contalas. Se falas de Vigo nos anos oitenta e noventa e non mencionas a heroína, estás obviando algo que foi tan importante como que se levou por diante a unha xeración enteira que está nos cemiterios. O meu padriño apareceu morto por unha sobredose nun bar. Aquilo era criminal, nunca mellor dito. E decidín usar a mirada preadolescente de Xulia para contar esas cousas que nós vivimos. Como aquel medo, polo descoñecemento, ao tema da sida. Recordo un día na praia –que o conto na novela– que o meu avó pisou unha agulla e cravouna no pé, e como a miña avoa estaba moi preocupada e dicía que podía coller a sida. Segue sendo moi forte falar disto, con todo o que se ten contado. Eu mesma pensaba que xa estaría todo dito, pero quixen aportar o que vivín na adolescencia.